




# A CIENCIA HISTÓRICA



"Clocks; an elaborately-cased mantel clock, with the figure o Wellcome V0024692" (Wellcome Images, CC-BY-4.0)



# ÍNDICE


---

## A CIENCIA HISTÓRICA

1. QUE É A HISTORIA?.....	1
2. COMO ORDENAMOS O TEMPO NA HISTORIA?.....	2
3. OS PERÍODOS DA HISTORIA.....	3
3.1 Prehistoria.....	3
3.2 Historia.....	4
<i>Exercicios</i> .....	5
4. AS FONTES HISTÓRICAS.....	6
<i>Exercicios</i> .....	7
SOLUCIÓN.....	8

# MAPA CONCEPTUAL DA UNIDADE 8

## A ciencia histórica



## 1. QUE É A HISTORIA?

A **Historia** é a ciencia que estuda o pasado da Humanidade, en especial, os acontecementos políticos, culturais, económicos, sociais e relixiosos que tiveron lugar ao longo do tempo. Os especialistas en Historia son os historiadores.

A **ciencia histórica** é fundamental para preservar a memoria do ser humano. Ademais, tamén ten multitude de aplicacións prácticas que achegan coñecementos e riqueza á sociedade, por exemplo, contribúe a xerar recursos turísticos (festas de recreación histórica, lugares de recuperación arqueolóxica, centros de interpretación...); é unha fonte temática para a industria audiovisual (filmes, documentais, series de televisión de ambientación histórica...), editorial (novela histórica...), videoxogos de ambientación histórica, etc.



Videoxogo ambientado na Idade Media "A Plague Tale" (30011887, CC BY 3.0)




Castro de Santa Tegra (Agus MC, CC BY-NC-SA 2.0)

## 2. COMO ORDENAMOS O TEMPO NA HISTORIA?


No mundo occidental ordenamos o tempo tendo como punto de referencia o **ano 1**, que sería o **ano en que naceu Xesucristo**. Polo tanto, todos os acontecementos anteriores a ese ano 1 sucederían nunha data á que hai que engadir «*antes de Cristo*» (ou a abreviatura **a. C.**), e todo o que sucedeu despois sucedeu nunha data á que hai que engadir «*despois de Cristo*» (abreviatura **d. C.**) ou simplemente non engadir nada a esa data.

Por exemplo, se Alexandre Magno morreu no ano 323 a. C., isto quere dicir que morreu 323 anos antes do ano en que naceu Cristo. E se dicimos que Cristóbal Colón chegou á América en 1492 d. C., ou simplemente en 1492; dese xeito, queremos dicir que Colón chegou a ese continente 1492 anos despois do ano en que naceu Xesucristo.

Por outra banda, a Historia abrangue miles de anos, polo que, para organizala, usamos períodos de mil anos chamados **milenios** (1.000 anos) e períodos de cen anos, os **séculos** (100 anos). Os séculos en Historia indícanse con números romanos, por exemplo, estamos no século XXI.



### COMO SABER A QUE SÉCULO CORRESPONDE UN ANO?



**1** SELECCIONAMOS UN ANO


Por exemplo, collemos o ano **1492**.

**2** SEPARAMOS OS DOUS PRIMEIROS NÚMEROS DA ESQUERDA DESE ANO

No ano 1492, os dous primeiros números da esquerda serían **14**.

**3** AOS DOUS PRIMEIROS NÚMEROS DA ESQUERDA SUMÁMOSLLES +1

O paso final é sumar a **14 + 1 = 15**. Polo tanto, 1492 corresponde ao século **XV** (15, en números romanos).



**¡!** EXCEPCIÓN, CANDO UN ANO REMATA EN DOUS CEROS

Cando o ano remata en 00, aínda é máis fácil saber a que século corresponde. Por exemplo, no ano 1800, os dous primeiros números da esquerda son 18. Polo tanto, 1800 corresponde ao século **XVIII** (18 en números romanos).

### 3. OS PERÍODOS DA HISTORIA

O estudo da Historia divídese en períodos (semellante aos capítulos dun libro). Hai dous tipos de períodos, as etapas e as idades:

- As **etapas** da Historia son períodos de moi longa duración. Hai dúas grandes etapas, a **Prehistoria**, que comeza coa aparición dos primeiros homínidos hai uns 4 millóns de anos e remata coa **Historia** que comeza coa aparición da escritura cara ao 3.500 a. C. Así, cando xorde a escritura, a Prehistoria (onde non había escritura) dá paso á Historia (xa hai textos escritos).
- As **idades** son períodos máis curtos de tempo en que se dividen as etapas da Prehistoria e a Historia.

#### 3.1 Prehistoria

A Prehistoria está formada pola **Idade de Pedra** e a **Idade dos Metais** que, pola súa vez, divídense nas seguintes etapas:

- A **Idade de Pedra** organízase no **Paleolítico** (*comeza aproximadamente hai 4 millóns de anos coa aparición dos primeiros homínidos*) e no **Neolítico** (*comeza coa aparición da agricultura e da gandaría*).
- A **Idade dos Metais** divídese na *Idade de Cobre* (*comeza no 4.500 a. C. coa aparición da metalurxia do cobre*), na **Idade de Bronce** (*3.500 a. C.*) e na **Idade de Ferro** (*1.200 a. C.*)

### PREHISTORIA

<b>Idade de Pedra</b>	<b>Paleolítico:</b> hai uns 4 millóns de anos aparecen os primeiros homínidos e as ferramentas son de pedra rudimentariamente traballada.
	<b>Neolítico:</b> aproximadamente no 10.000 a. C. Aparecen ferramentas de pedra puída, a agricultura e a gandaría, que permiten que os grupos humanos neolíticos poidan sedentarizarse (vivir no mesmo lugar de xeito estable).
<b>Idade dos Metais</b> (aparece a metalurxia cara ao 4.500 a.C)	<b>Idade de Cobre</b>
	<b>Idade de Bronce</b>
	<b>Idade de Ferro</b>


### 3.2 Historia

A Historia divídese na **Idade Antiga** (comeza coa aparición da escritura, aproximadamente no 3.500 a. C.); na **Idade Media** (comeza co fin do Imperio Romano de Occidente no 476 d. C.); na **Idade Moderna** (comeza coa chegada de Colón a América en 1492) e na **Idade Contemporánea** (comeza co estoupido da Revolución Francesa en 1789).

## HISTORIA

IDADE	COMEZO	EVENTO CHAVE
<b>Idade Antiga</b>	<b>Cara ao 3.500 a. C.</b>	Aparición da escritura.
<b>Idade Media</b>	<b>476 d. C.</b>	Desaparición do Imperio Romano de Occidente.
<b>Idade Moderna</b>	<b>1492</b>	Chegada de Colón a América.
<b>Idade Contemporánea</b>	<b>1789</b>	Estoupido da Revolución Francesa.

### ETAPAS E IDADES DA HISTORIA





## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

A que séculos corresponden os seguintes anos?

<b>1789</b>	<b>1834</b>	<b>1900</b>	<b>1588</b>	<b>476</b>	<b>1212</b>
-------------	-------------	-------------	-------------	------------	-------------

### Exercicio 2

Cales son as dúas grandes etapas en que se divide a Historia e que acontecemento marca a aparición dunha e a fin da outra?

### Exercicio 3

a) Ordena as idades da Historia da máis antiga á mais recente:

Idade Media - Idade Contemporánea – Idade Antiga - Idade Moderna

b) Ordena os seguintes períodos da Prehistoria do máis antigo ao máis recente:


Idade de Bronce – Neolítico – Paleolítico – Idade de Ferro - Idade de Cobre

## 4. AS FONTES HISTÓRICAS

Unha **fonte histórica** pode ser calquera obxecto, testemuña oral ou escrita que proporciona información sobre o pasado do ser humano. Por exemplo, poden ser fontes históricas os restos humanos, anacos dunha vasilla, restos de comida, vestixios dunha edificación, ferramentas, prensa, documentos administrativos, incluso lixo...

Podemos organizar as fontes históricas en dous grandes grupos:


- a) **Fontes primarias:** as orixinadas no mesmo tempo en que se producen, por exemplo, un documento, unha peza de cerámica, unha moeda, unha tumba...
- b) **Fontes secundarias:** as orixinadas posteriormente ao tempo en que se producen, por exemplo, un libro ou un artigo dunha revista de historia que analizan un acontecemento do pasado.



## EXERCICIOS

### Exercicio 4

Clasifica as seguintes fontes históricas entre fontes primarias ou secundarias:




Libro de Historia da antiga Roma publicado en 2018. "SPQR: A History of Ancient Rome" (宋世怡, CC-BY-SA-4.0).



Moeda romana. "Claude II multiple 8 aurei" (Emilio J. Rodríguez Posada, CC-BY-SA-2.0).



Texto xeroglífico dun templo do antigo Exipto. "Hieroglyphe Karnak" (Guillaume Lelarge, CC-BY-SA-3.0).



Revista de Historia. "National Geographic Magazine Cover. Vol. 213, nº 6 June 2008" (Think.Feel.Grow, CC-BY-2.0).



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

1789	1834	1900	1588	476	1212
S. XVIII	S. XIX	S. XIX	S. XVI	S. V	S. XIII

---

### Exercicio 2

As dúas grandes etapas en que se divide a Historia son a **Prehistoria** e a **Historia**. O paso da Prehistoria á Historia márcalo a aparición da escritura cara ao 3.500 a. C.

### Exercicio 3

- a) Idade Antiga - Idade Media - Idade Moderna - Idade Contemporánea
- b) Paleolítico – Neolítico – Idade de Cobre - Idade de Bronce – Idade de Ferro

### Exercicio 4

Fontes primarias: a moeda e o texto en escritura xeroglífica exipcia.

Fontes secundarias: o libro e a revista de Historia.